

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 29 DE XUÑO DE 2017,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Lei de actuacións de apoio ao crecemento económico e reforzo do gasto social.

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na AC-174, treito: Montrove - As Pedreiras (p.q. 2 + 440 - 3 + 600) e na AC- 190, treito: O Carballo - As Pedreiras (p.q. 0 + 200 - 0 + 620), de clave: AC/16/092.06, no concello de Oleiros.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza eximir, de acordo co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, da presentación de garantías as pequenas e medianas empresas beneficiarias, polo importe dos pagamentos á conta establecidos nas bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, para a mellora da capacidade de innovación das empresas en Galicia, a través do financiamento das actividades integradas en plans de innovación enmarcados en prioridades estratéxicas da RIS3, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, por importe de cinco millóns de euros (5.000.000 €).

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia durante os anos 2017 e 2018 e a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, por un importe total de nove millóns cincocentos dous mil cincocentos euros (9.502.500 €).

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Ames para a xestión do servizo de comedor escolar en cinco centros educativos radicados no concello, polo importe máximo de douscentos catorce mil catrocentos noventa euros (214.490 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Betanzos para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de setenta e catro mil setecentos sesenta euros (74.760 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Cangas para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos radicados no concello, polo importe máximo de noventa e seis mil cento vinte euros (96.120 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Ferrol para a xestión do servizo de comedor escolar en dez centros educativos radicados no concello, polo importe máximo de cento trinta e sete mil setecentos setenta e dous euros (137.772 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Gondomar para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos radicados no concello, polo importe máximo de cento vinte e oito mil cento sesenta euros (128.160 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Lugo para a xestión do servizo de comedor escolar en oito centros educativos radicados no concello, polo importe máximo de oitenta e nove mil euros (89.000€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Meaño para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de trinta e nove mil cento sesenta euros (39.160 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Mugarzos para a xestión do servizo de comedor escolar en tres centros educativos radicados no concello, polo importe máximo de corenta e catro mil cento corenta e catro euros (44.144 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Muíños para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de dezasete mil oitocentos euros (17.800 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Santiago para a xestión do servizo de comedor escolar en nove centros educativos radicados no concello, polo importe máximo de cento corenta e nove mil cincocentos vinte euros (149.520 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Sarria para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de corenta e tres mil seiscentos dez euros (43.610 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universitat de Barcelona para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Extremadura para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de catro mil euros (4000 €).

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a subministración sucesiva de xiringas e material de punción con dispositivo de seguridade para as xerencias de Xestión Integrada dependentes do Servizo Galego de Saúde, por un importe de sete millóns oitocentos trinta e sete mil seiscientos oitenta e oito euros con corenta e sete céntimos (7.837.688,47€) e un valor estimado de dezanove millóns cincocentos corenta e oito mil catro euros con oitenta e seis céntimos (19.548.004,86€).

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social a establecer pagamentos conta en porcentaxe superior á recollida no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán a concesión de axudas económicas para a creación de escolas infantís 0-3 en polígonos industriais e parques empresariais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2017 e 2018. Total: un millón seiscientos mil euros (1.600.000,00€).

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de decreto polo que se aproba o regulamento da Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga).
- Acordo polo que se aproba a actualización do Pladiga para 2017.
- Acordo polo que se autoriza a encomenda de xestión á empresa pública Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA), durante o ano 2017 para a execución de

traballos preventivos contra os incendios forestais, cofinanciados co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e servizo de brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais durante a campaña, o servizo de reténs de maquinaria pesada e apoio técnico á prevención e defensa contra os incendios forestais en época de perigo alto de incendios forestais e para o apoio á elaboración de estudos e análise estatística de incendios forestais, por importe de catro millóns setecentos trinta e cinco mil cento vinte e nove euros con trece céntimos (4.735.129,13€).

## A XUNTA IMPULSA UNHA LEI CON ACTUACIÓNS POR PRETO DE 230 MILLÓNS PARA CONSOLIDAR O CRECEMENTO ECONÓMICO E REFORZAR O GASTO SOCIAL

- *O Consello da Xunta deu luz verde a un anteproxecto de lei para executar todos os recursos que recibirá Galicia do sistema de financiamento, que este ano non se puideron incluír no orzamento pola demora na aprobación das contas do Estado*
- *A Xunta aplicará na nómina de xullo a suba salarial do 1% aos 100.000 traballadores dos servizos públicos da Administración galega, e aboaralles unha media de 201 euros pola suba desde xaneiro*
- *Reforzarase con 60 millóns o gasto sanitario, mellorando o programa de vacinación, os fármacos contra a hepatite C e a actividade cirúrxica e asistencial*
- *Política Social disporá de 14 millóns para poder atender 3000 novos dependentes e reforzar a atención á exclusión social a través da Risga*
- *No eido laboral, destinaranse 5 millóns a dous programas para fomentar o emprego no rural e para incorporar persoas en risco de exclusión*
- *A educación disporá de máis recursos para desenvolver o plan de idiomas, impulsar novos proxectos de I+D e realizar obras de mellora nos centros públicos*
- *Tamén se destinan 19 millóns para infraestruturas e solo industrial, e haberá unha partida para equipar o Auditorio de Lugo*
- *Esta lei permitirá dispoñer de recursos para lanzar a nova Axencia Forestal, ao tempo que se potenciará o turismo e se reforzará a prevención nos montes*
- *Actívase unha partida para paliar a situación dos galegos residentes en Venezuela*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao anteproxecto de lei de actuacións de apoio ao crecemento económico e reforzo do gasto social, que permitirá levar a cabo este ano accións en diversos eidos por un importe de preto de 230 millóns de euros. Esta lei dará habilitación legal ao Goberno para executar todos os recursos que recibirá Galicia do sistema de financiamento autonómico neste exercicio, xa que este ano non se puideron incluír no orzamento da Xunta pola demora nas contas do Estado, que entran hoxe en vigor.

Unha das primeiras actuacións será a suba salarial do 1% aos 100.000 traballadores da Administración galega, incluído o persoal da sanidade, educación, universidades e ensino concertado. A previsión da Xunta é aplicar este incremento xa na nómina de xullo, unha vez que dispón da habilitación legal para facelo, e cada traballador percibirá a maiores unha media de 201 euros pola suba salarial dende xaneiro ata xullo.

Un segundo bloque de gastos ten que ver co eido sanitario. A Xunta destinará 60 millóns de euros a actuacións prioritarias na sanidade pública, o que permitirá universalizar os fármacos da hepatite C, co que se poderían ampliar a unhas 2000 persoas no que queda de ano. Tamén se dispensarán novos tratamentos contra o

cancro, enfermidades raras e terapias biolóxicas, que supoñen un aumento do custo sobre os tratamentos convencionais.

Ademais, o Sergas disporá de recursos para a compra de vacinas que se incorporaron ao calendario infantil e para incrementar en 20.000 as vacinas contra a gripe, coas cales se vai ampliar a cobertura na próxima tempada. Tamén destinará 5 millóns ao Plan de humanización dos espazos asistenciais -con actuacións en hospitais de día, UCI, urxencias e servizos de diálise e pediatria- e a execución de novos centros de saúde, e intensificará a actividade cirúrxica e asistencial nos centros sanitarios galegos.

### **Reforzo da política social**

A política social tamén será un eixo prioritario na asignación dos novos recursos, cunha dotación total de 14 millóns de euros. Así, a Xunta disporá de 8,6 millóns para atender 3000 novos dependentes, o que permitirá manter unha cobertura de servizos superior á media estatal. Ademais dos recursos para prestacións económicas, a Xunta investirá na construción de centros para a prevención da dependencia e destinará novos recursos para a apertura de centros construídos en Vilardevós, Baleira, Cambados, Paradela e Arteixo.

Na inclusión social, o Goberno galego activa 3 millóns para dar un novo impulso á Risga -o que permitirá axudar a un milleiro de galegos en risco de exclusión- e para mellorar 44 centros sociocomunitarios, o que beneficiará máis de 15.000 persoas.

En canto ao eido da familia e mocidade, disporanse de 2,4 millóns para investir nas escolas infantís da Galiña Azul, nos centros de protección de menores e en albergues e instalacións xuvenís. Ademais, a Xunta disporá doutros 11 millóns cos cales se realizarán programas de interese xeral para atender fins de interese social con cargo á asignación tributaria do IRPF.

### **Máis recursos para emprego, educación e innovación**

No eido laboral, a Xunta destinará 5 millóns ao desenvolvemento de plans de emprego e de formación que incrementarán as oportunidades laborais de colectivos prioritarios para a Xunta. En concreto, axudará a completar os programas de emprendemento e formación no rural e os programas dirixidos aos colectivos máis desfavorecidos.

En canto á educación, esta lei permitirá destinar 11 millóns de euros a obras de reforma, ampliación e mellora dos centros educativos e do seu equipamento, a impulsar o plan de plurilingüismo posto en marcha pola Administración galega, ao desenvolvemento do libro dixital e a proxectos de I + D nas universidades públicas.

A aposta do Goberno galego pola innovación tamén se reflicte nesta lei, con actuacións por 3 millóns para reforzar a aposta polo talento, as novas tecnoloxías e a industria 4.0, con especial atención ás pemes. Ademais, destinaranse outros 2 millóns ao programa Reforma17, unha iniciativa para dinamizar o tecido empresarial galego que nos últimos anos está axudando a revitalizar o sector da construción e da reforma.

### **Potenciación do turismo e mellora das infraestruturas**

No eido turístico, a Xunta destinará 3 millóns a intensificar a presenza en feiras turísticas en diferentes países e ás accións promocionais do destino e de novos produtos cos que potenciar a Marca Galicia como destino turístico diferenciado. Estas accións permitirán que Galicia siga mellorando a súa posición e imaxe nos mercados turísticos nacionais e internacionais e afondar no comportamento positivo acadado nos últimos anos, que se mantén neste 2017, xa que se acadou a cifra de 1,3 millóns de turistas na Comunidade.

En canto ás infraestruturas, destinaranse 19 millóns de euros na rede viaria e no solo industrial. Nestas actuacións inclúese a mellora da seguridade e a conservación de estradas. Ademais, inclúese unha partida para o equipamento do Auditorio de Lugo.

### **Impulso ao rural e ao mar**

Esta lei tamén contribuirá con 4 millóns á posta en marcha da nova Axencia Galega da Industria Forestal, que ten como retos dinamizar un sector estratéxico da economía galega, incrementar o número de empresas e crear emprego. Ademais, activaranse outros 5 millóns para acelerar proxectos pioneiros de mobilidade de terras e para reforzar as políticas de prevención contra os incendios -sobre todo na área fronteiriza con Portugal-, incluíndo a creación de novos puntos de auga, peches gandeiros e mantemento das devasas.

No ámbito marítimo, levaranse a cabo actuacións para incrementar as prazas de amarre destinadas a embarcacións mexilloeiras en varios peiraos galegos. Tamén se realizarán obras en contornas portuarias e para a integración porto-cidade.

### **Apoio á comunidade galega de Venezuela**

O texto lexislativo aprobado hoxe polo Consello da Xunta inclúe unha partida de 600.000 euros para paliar a situación da comunidade galega residente en Venezuela.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DE DOUS TRAMOS DE SENDA NAS ESTRADAS AC-174 E AC-190, NO CONCELLO DE OLEIROS

- *Esta actuación, que suporá un investimento de case 800.000 €, comprenderá dous tramos de sendas, situadas no concello de Oleiros, que servirán para comunicar Montrove coas Pedreiras e O Carballo*
- *A senda na AC-174 posibilita o acceso a pé ao centro de ensino Cristo Rey desde as urbanizacións indicadas e a mellora nas comunicacións desde O Carballo ata o núcleo de Oleiros*
- *O segundo tramo, que se localiza na AC-190 e dá continuidade ao tramo anterior mediante pasos de peóns, executarase entre a glorieta das Pedreiras (p.q. 0+620 da AC-190) e a intersección coa rúa Viravolta no Carballo (p.q. 0+200)*
- *Os 6 proxectos de construción que levará a cabo a Xunta suporán, aproximadamente, 7 quilómetros de novas sendas na comarca da Coruña, cun orzamento que se achega aos 5,4 M€*
- *As obras licitaranse segundo se vaian aprobando os proxectos están previstas en primeiro lugar as licitacións das sendas na AC-174 e AC-190 e da pasarela de Marineda, por estar máis avanzada a tramitación dos expedientes*

O Consello da Xunta aproba o decreto polo que se publica e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de dúas sendas para uso peonil e de ciclistas nas estradas AC-174 (Perillo-Oleiros) e AC-190 (O Carballo-Santa Cruz) no concello coruñés de Oleiros. Esta actuación comprenderá dous tramos de sendas, situadas no concello de Oleiros, que servirán para comunicar Montrove coas Pedreiras e O Carballo.

O levantamento de actas previas prevese no cuarto trimestre de 2017 e a licitación do contrato de obras prevese para as vindeiras semanas. O investimento total para a licitación do proxecto de construción é de preto de 800.000 €. A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten prevista a licitación do contrato de obras nas vindeiras semanas.

O primeiro tramo executarase na marxe esquerda da estrada AC-174; iniciaranse no punto quilométrico 2+440, intersección coa rúa Ventoeira da urbanización Montrove, e finalizará no p.q. 3+600, na glorieta coa AC-190 nas Pedreiras. Con isto, créase así un itinerario peonil de 1160 metros entre importantes urbanizacións da zona (Lamastelle, Dos Regos), ademais de dar servizo a unha residencia de anciáns e un centro ocupacional.

Esta estrada xa conta nalgúns subtreitos con beirarrúa, que quedará integrada no itinerario, polo que a lonxitude da senda que se vai construír é de 710 metros.

O segundo tramo, que se localiza na AC-190 e dá continuidade ao tramo anterior mediante pasos de peóns, executarase entre a glorieta das Pedreiras (p.q. 0+620 da AC-190) e a intersección coa rúa Viravolta no Carballo (p.q. 0+200). Así mesmo, construíranse un total de 475 metros de nova senda: 385 m pola marxe dereita e outros 90 m pola marxe esquerda nas aproximacións á glorieta.

A senda posibilita o acceso a pé ao centro de ensino Cristo Rey desde as urbanizacións indicadas e a mellora nas comunicacións desde O Carballo ata o núcleo de Oleiros.

A sección tipo consta de cuneta, franxa axardinada dun mínimo de 0,5 m e senda de formigón de 2 m, salvo nun pequeno tramo na AC-190 en que se proxecta con solo estabilizado. Ademais da senda executaranse outras obras complementarias como a instalación de rede de drenaxe, a desmontaxe e a reposición de peches e accesos e o recuamento de marquesiña existente.

### **Sendas na comarca da Coruña**

No ano 2015 a Axencia Galega de Infraestruturas redactou o 'estudo para fomento da mobilidade sustentable: sendas peonís e/ou ciclistas na comarca da Coruña' en que se identificaron como prioritarios 9 treitos de actuación nesta comarca.

Os seis proxectos de construción programados que levará a cabo a Axencia Galega de Infraestruturas suporán, aproximadamente, 7 quilómetros de novas sendas na comarca da Coruña, cun orzamento que se achega aos 5,4 millóns de euros.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten previsto acometer as obras nos próximos catro anos e conta para iso co financiamento asegurado ao terse incluído no programa operativo de Galicia dos fondos europeos Feder para o período 2014 -2020:

- Na estrada AC-552 executarase unha pasarela que unirá A Grela e Marinada, á saída da Coruña. O proxecto que define a execución dunha pasarela metálica para o cruzamento da AC-552 conta cun orzamento de 1,9 millóns de euros.
- Na mesma estrada AC-552 executarase outra senda no tramo entre Pastoriza e Vilarrodís, no concello de Arteixo.
- As estradas AC-213 e AC-214 tamén serán obxecto da execución de sendas para peóns e ciclistas, na Telva (p.q. 1+840-2+340) e no tramo entre A Xira e Cambre (p.q. 7+220-8+540), respectivamente.
- Na AC-214, en Sigrás, construírase un itinerario entre o p.q. 8+500 e o 9+260.
- Para a estrada AC-163, prevese unha senda en Fontán (p.q. 1+280-1+840) e para a AC-182, outra no tramo Mandín- As Torres (p.q. 2+460-2+860).

Os proxectos en que se desenvolven estas sendas están xa entregados e en fase de supervisión ou corrección, segundo o caso. As obras licitaranse segundo se vaian aprobando os correspondentes proxectos; est´sn previstas en primeiro lugar as licitacións das sendas na AC-174 e AC-190 e da pasarela de Marineda, por estar máis avanzada a tramitación dos expedientes.

### **Sendas na AC-174 e na AC-190**

Por outra parte, o 26 de abril de 2017 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o anuncio polo que foi sometido ao trámite de información pública o proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na AC-174, treito: Montrove- As Pedreiras (p.q. 2 + 440 -3 + 600), en na AC-190, treito: O Carballo- As Pedreiras (p.q. 0 + 200 - 0 + 620), así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados por el. Cabe salientar que o Concello de Oleiros puxo á disposición da Xunta os terreos necesarios para a execución da obra, salvo dous predios con propietario descoñecido, o que fixo necesario someter o proxecto a información pública.

Rematado o prazo de alegacións e presentación de informes por parte dos organismos afectados e analizados os recibidos, ultimouse a redacción do proxecto de construción, que foi aprobado definitivamente con data do 22 de xuño de 2017. Na mesma data foi aprobado o expediente de información pública.

## A XUNTA ACTIVA CON 5M€ UN NOVO PROGRAMA PARA IMPULSAR A CAPACIDADE INNOVADORA DAS PEMES E MICROEMPRESAS GALEGAS

- *O pioneiro Innova Peme permitirá mobilizar 10 millóns de euros para apoiar os plans de innovación de arredor de 60 compañías, co obxectivo de que lancen novos produtos e servizos ou melloren os seus procesos*
- *As axudas, que alcanzarán o 50% do investimento que se vai realizar e poden chegar ata os 150.000 euros, permitirán que as empresas gañen tamaño e avancen na súa internacionalización*
- *A convocatoria apoiará a contratación de persoal, a adquisición de equipamento, servizos de asesoramento e a obtención de licenzas e patentes*
- *Enmárcase tanto na Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3) como na Axenda da industria 4.0*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN), impulsará a primeira edición do programa Innova Peme, unha iniciativa pioneira destinada a mellorar a innovación nas pemes e microempresas galegas que, cun orzamento de 5 millóns de euros, permitirá mobilizar 10 millóns e beneficia arredor de 60 compañías da Comunidade.

As axudas van destinadas a desenvolver ou incrementar as capacidades innovadoras de empresas que xa teñen ou comezan a ter un desempeño innovador pero que necesitan apoio para sistematizar, potenciar ou desenvolver a dita actividade, coa que lanzar novos produtos e servizos ou mellorar os seus procesos. Para iso, as compañías solicitantes deberán contar cun plan de innovación, unha folla de ruta que se desenvolverá durante un mínimo dun ano, en que se recollerán as actuacións que se van financiar a través do programa.

Os apoios, que poderán alcanzar os 150.000 euros dependendo do tipo de compañía, serán do 50% do orzamento subvencionable, que se situará entre 100.000 e 200.000 euros para as micropemes e entre 150.000 e 300.000 euros para as pemes.

Os ditos apoios, a través do plan de innovación, poderán destinarse á contratación de persoal, á adquisición de equipamento e material, e a licenzas de propiedade industrial. Tamén se poderán obter apoios a través destas axudas para a obtención, validación e defensa de patentes, certificacións e homologacións, a contratación de expertos doutras empresas e de servizos de asesoramento e apoio en materia de innovación, entre outros. Permitirase a subcontratación con organismos de investigación ou outras entidades, ata un máximo do 50% do custo total da actividade subvencionada.

Ademais, as empresas beneficiarias poderán solicitar acompañamento financeiro posterior para a comercialización e industrialización da innovación a través dos fondos de capital risco para a innovación xestionados por XesGalicia.

Para solicitar estas axudas, que se publicarán no *Diario Oficial de Galicia* nas vindeiras semanas, as empresas terán que presentar o informe Innobench, un estudo gratuito e personalizado que permitirá coñecer o punto de partida da situación actual en materia de innovación da empresa.

O dito informe elabórase mediante un sistema de medición froito da colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, o Consorcio da Zona Franca de Vigo, a través do seu servizo de información empresarial ARDAN, e o traballo do grupo REDE da Universidade de Vigo.

Este novo programa, previsto no programa operativo Feder Galicia, busca a mellora da capacidade innovadora das empresas como vía para acadar unha maior competitividade e internacionalización e gañar tamaño e cota de mercado, o que responde aos obxectivos tanto da Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3) como da Axenda Galicia-Industria 4.0.

## A XUNTA INVISTE UN 40% MÁIS NOS PROGRAMAS INTEGRADOS PARA FAVORECER A INSERCIÓN LABORAL E INCLUIR A PRIMEIRA ACCIÓN DE 'EMPREGA EN FEMININO'

- *A iniciativa de Economía, Emprego e Industria, coa cal se prevé beneficiar 4000 persoas sen emprego -565 máis que na pasada edición- inclúe por primeira vez programas específicos para as mulleres*
- *As axudas, coas cales se prevé poñer en marcha 46 proxectos para mellorar a inserción laboral dos participantes, están dirixidas a concellos e entidades sen ánimo de lucro*
- *Como novidade, este ano primaranse aqueles proxectos nos cales se implique o tecido empresarial da zona*
- *Esta actuación céntrase en incrementar as oportunidades laborais a través da especialización e da posta en marcha de accións que combinan orientación e asesoramento con formación e prácticas*
- *Enmárcanse na Axenda 20 para o emprego coa cal o Goberno galego está a impulsar o emprego estable e de calidade e coa cal se pretende en 2020 reducir a taxa de paro ata o 10% coa creación de, polo menos, 80.000 novos empregos*

A Xunta inviste na próxima convocatoria dos programas integrados de emprego 9,5 millóns de euros, un 40% máis que na pasada edición, para incrementar as oportunidades laborais de 4000 persoas sen emprego, 565 máis que na convocatoria anterior. A iniciativa da Consellería de Economía, Emprego e Industria, da cal se informou hoxe no Consello da Xunta, inclúe por primeira vez a reserva dunha porcentaxe do orzamento para o desenvolvemento de plans específicos para as mulleres. En concreto, destinaranse dous millóns de euros a esta actuación que permite activar a primeira das medidas de *Emprego en Feminino*, a folla de ruta do Goberno galego para impulsar a inserción das mulleres no mercado de traballo.

A orde de axudas, que está destinada a concellos e entidades sen ánimo de lucro, publicarase nas próximas semanas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). O Goberno galego prevé poñer en marcha un total de 46 programas para mellorar a inserción laboral dos participantes. Como novidade este ano, a Xunta primará aqueles proxectos en que participe e, polo tanto, estea implicado o tecido empresarial de cada zona, co obxectivo de que os programas se centren nas demandas laborais de cada comarca.

Os programas integrados de emprego están enfocados a mellorar a ocupación dos desempregados establecendo como obxectivo a inserción laboral dun mínimo do 30% dos seus participantes. Cada plan integrado inclúe accións personalizadas de diversa natureza como información, orientación, asesoramento e formación combinado con prácticas laborais.

A actuación forma parte da Axenda 20 para o Emprego, a planificación do Goberno galego en materia laboral para impulsar o emprego estable e de calidade e coa cal se pretende en 2020 reducir a taxa de paro ata o 10% coa creación de entre 80.000 e 100.000 novos empregos e a creación ou conversión de 50.000 contratos en indefinidos.

O Goberno galego, a través desta folla de ruta, activou ao longo deste ano diversos programas e axudas enfocados a ampliar as oportunidades laborais dos galegos e galegas como son os cursos de formación, os obradoiros ou lanzadeiras de emprego.

## EDUCACIÓN DESTINA MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS AOS CONCELLOS PARA FINANCIAR O COMEDOR ESCOLAR DE 3800 NENOS

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de convenios de colaboración cos concellos de Ames, Betanzos, Cangas, Ferrol, Gondomar, Lugo, Meaño, Mugardos, Muíños, Santiago e Sarria, para subvencionar o servizo de comedor durante os vindeiros dous cursos en 47 centros escolares*
- *Deste xeito a consellería reafirma o seu compromiso coa prestación deste servizo complementario, fundamental para a conciliación da vida laboral e familiar*
- *Por primeira vez incorpórase o Concello de Lugo, logo de facer a correspondente solicitude formal*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinará convenios de colaboración cos concellos de Ames, Betanzos, Cangas, Ferrol, Gondomar, Meaño, Mugardos, Muíños, Lugo, Santiago de Compostela e Sarria para a prestación do servizo de comedor escolar en 47 centros educativos, grazas ao cal se lles facilitará a 3787 usuarios acceder a este servizo complementario durante os próximos dous cursos, un 33,16% máis que os beneficiados nos cursos 15/16 e 16/17, por estes convenios. A achega total da consellería para estes convenios será de 1.034.536 euros (un 24,49% máis que nos dous períodos anteriores).

Coa autorización destes convenios, a consellería reafirma o seu compromiso co mantemento deste servizo complementario educativo, de fundamental importancia para a conciliación da vida familiar e laboral.

### Centros beneficiados

Ao abeiro destes acordos, a consellería apoiará o Concello de Ames na xestión dos comedores dos CEIP A Maía, Agro do Muíño, de Barouta e de Ventín, e da EEI do Milladoiro. No caso de Betanzos, o centro beneficiado será o CEIP Francisco Vales Villamarín e en Cangas serano os CEIP Nazaret, do Hío, Espiñeira-Aldán e A Rúa. No acordo co Concello de Ferrol incluíranse os comedores do CPI Almirante Juan de Lángara y Huarte e dos CEIP Cruceiro de Canido, Recimil, Isaac Peral, Manuel Masdias, San Xoán de Filgueira, Esteiro, Pazos, Ponzos e A Laxe, mentres que en Gondomar se incluírán os CEIP Souto de Donas, Serra de Vincios, CEP Xosé Neira Vilas e CEIP Chano Piñeiro.

En Lugo, que se incorpora por primeira vez este ano, o acordo atinxe aos CEIP Albeiro, Anexa, As Mercedes, Illa Verde, Menéndez Pelayo, Luís Pimentel, Rosalía de Castro e Sagrado Corazón.

Ademais, no concello de Mugardos benefíciáanse destes convenios os usuarios dos comedores do CEIP Unión Mugardesa, CEIP Santiago Apóstolo e IES de Mugardos; e



do CEIP Valle Inclán, en Muíños, así como os dos composteláns CEIP Apóstolo Santiago, Ramón Cabanillas, Cardenal Quiroga Palacios, Roxos-Villestro, Monte dos Postes, Mestre Rodríguez Xixirei, Fontiñas, Vite I e Raíña Fabiola. Por último, no concello de Meaño o convenio beneficiará os usuarios do comedor do CEIP Coirón-Dena. Así mesmo, asinarase convenio co Concello de Sarria para dar servizo de comedor á escola de educación infantil de Sarria.

No marco destes acordos de colaboración, a consellería subvencionará os menús dos comensais durante todo o curso escolar. Pola súa banda, os concellos comprométense á contratación da elaboración e servizo dos menús escolares, así como ao coidado e asistencia do alumnado durante as comidas.

A sinatura destes convenios é un novo paso na aposta que o departamento de Educación da Xunta de Galicia está a facer en prol do servizo de comedor escolar nos centros educativos.

No curso 2016/17 Cultura e Educación destinou preto de 30 millóns de euros aos comedores de xestión propia, así como ao cofinanciamento dos comedores xestionados polos concellos e polas ANPAS. Esta cifra supón duplicar o orzamento de 14,6 millóns que se destinaba en 2007 a este mesmo fin. Ademais, o número de prazas de comedores incrementouse en 14.631 desde o curso 08/09, ata chegar no 16/17 ás 72.631 (comedores xestionados pola Xunta + ANPAS + concellos).

En Galicia, o 86,64% dos usuarios dos comedores escolares xestionados pola consellería utilizan o servizo totalmente de balde ou pagando tan só un euro, mentres que a contía máxima de 4,5 euros/día tan só a aboa un 9,60% dos usuarios. Esas cifras confirman que o servizo de comedor escolar en Galicia, baseado na renda familiar, é un dos sistemas máis xustos e asequibles para as familias de todo o Estado español.

## **EDUCACIÓN COLABORA COAS UNIVERSIDADES DE ESTREMADURA E BARCELONA NA DOCENCIA E PROMOCIÓN DO GALEGO**

- ***A consellería destina un total de 16.000 euros a respectivos convenios para ensino do idioma e a cultura galega e á contratación de lectores de galego***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria colaborará coas universidades de Extremadura e de Barcelona para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas, e dar así continuidade a un acordo que se mantén desde o ano 1999 no caso de Extremadura e desde 1994 no caso de Barcelona

O Consello da Xunta deu o visto e praxe aos dous convenio de colaboración entre a Administración educativa galega e os citados organismos universitarios por un importe de 16.000 euros (4000 para Extremadura e 12.000 para Barcelona) co fin de desenvolver unha serie de accións, incluídos os lectorados de galego nestas universidades.

Ao abeiro dos ditos convenios, ambas as universidades comprométense a dar continuidade ao ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas nos seus plans de estudo e a organizar actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua e da literatura galegas no ámbito universitario e na súa área de influencia.

Así mesmo, inclúese a contratación –a través da Secretaría Xeral de Cultura- dun lector de lingua, literatura e cultura galegas, para cada unha delas como complemento práctico ao seu programa de formación. O acordo inclúe tamén a adquisición do material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e a infraestrutura necesaria para levar a cabo as accións de promoción sinaladas.

No caso concreto da Universidade de Extremadura, ofertará as materias de Historia e Cultura Galegas, Lingua Galega, Lingua Galega II e Cultura e Literatura galega, todas elas cunha carga de 6 créditos.

### **Antecedentes**

Os centros de estudos galegos nacen a través de convenios de colaboración subscritos con universidades interesadas en incluír nos seus plans de estudo a lingua, a literatura e a cultura galegas. Trátase de órganos de referencia destas institucións educativas a través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia.

Por tanto, a posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades do exterior é unha realidade consolidada que leva contribuído de maneira fundamental á difusión internacional do galego, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes.

Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en 35 universidades. 27 delas contan con lectores -licenciados/as en Filoloxía Galega-, asentados en departamentos coñecidos como Centro de Estudos Galegos, que imparten materias de lingua galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización etc.). Alén disto, numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia complementan os programas formativos.

## **O SERGAS DESTINA PRETO DE 8 MILLÓNS DE EUROS PARA A COMPRA DE MATERIAL DE PUNCIÓN CON DISPOSITIVO DE SEGURIDADE**

- *É a primeira vez que se adquiren estes produtos por contratación centralizada, fronte á adquisición de cada centro, o que contribúe á sustentabilidade do sistema sanitario público*
- *Tamén é a primeira vez que se merca co dispositivo de seguridade*

O Consello da Xunta de Galicia vén de aprobar un proxecto de acordo polo que se autoriza a subministración sucesiva de xiringas e material de punción con dispositivo de seguridade (catéteres intravenosos, agullas hipodérmicas, agullas especiais, lancetas e agullas de fístula), para as xerencias de Xestión Integrada dependentes do Servizo Galego de Saúde. O importe acada un valor de 7.837.688 euros, repartido en tres anualidades (2017-2019), e un valor estimado de 19,5 millóns de euros, como consecuencia de posibles ampliacións e prórrogas.

Con esta compra esténdese o uso das agullas con dispositivo de seguridade a todo o sistema sanitario público galego, co que diminuirán os accidentes laborais debidos a pinchazos e a conseguinte exposición a riscos biolóxicos.

Cómpre sinalar que é a primeira que se adquiren estes produtos por contratación centralizada, fronte á adquisición dende cada centro, o que contribúe á sustentabilidade do sistema sanitario público galego, e reduce o custo do funcionamento das xerencias de Xestión Integrada do Sergas. Tamén é a primeira vez que se adquiren co dispositivo de seguridade.

Logo desta aprobación por parte do Consello da Xunta, publicarase a licitación, a valoración das ofertas e a adxudicación e formalización do contrato.

## A XUNTA DE GALICIA CREAMÁ PRETO DE 300 PRAZAS EN ESCOLAS INFANTÍS PARA NENOS E NENAS DE 0 A 3 ANOS NOS POLÍGONOS INDUSTRIAIS

- *A Administración autonómica outorgará por segundo ano axudas para a creación destes recursos en parques empresariais*
- *A convocatoria subvencionará a realización do proxecto básico e de execución para a construción ou reforma dun inmovible destinado á creación da escola, ao acondicionamento da parcela e equipamento das instalacións*
- *A orde contará cun orzamento total de 1,4 millóns de euros distribuído en dúas anualidades*
- *Poderán obter financiamento ata sete novas escolas, que constarán dun mínimo de tres unidades e 41 prazas*
- *A Consellería de Política Social traballa no desenvolvemento dos mecanismos precisos para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, mellorando a oferta de recursos e servizos para que respondan ás necesidades dos pais e nais*

A Xunta de Galicia aprobou hoxe no Consello a convocatoria de axudas para a creación de escolas infantís de 0 a 3 anos en polígonos industriais e parques empresariais, que porán á disposición das familias galegas un mínimo de 287 novas prazas de atención á infancia.

Trátase dunha medida coa cal se avanza na corresponsabilidade da Administración galega e do tecido empresarial no desenvolvemento de medidas de conciliación, de xeito que as familias poderán dispoñer dun lugar para a atención dos seus fillos e fillas preto do seu posto de traballo, o que contribuirá a crear contornos laborais máis atractivos e eficientes e a mellorar a calidade de vida e de traballo das persoas. A construción destas instalacións repercutirá positivamente na produtividade das empresas e permitirá que estas melloren a súa posición no mercado a través dunha mellor administración do seu capital humano e da promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Ao abeiro desta orde, poderán ser beneficiarias as asociacións empresariais ou entidades representantes dun parque empresarial ou polígono industrial que desenvolvan a súa actividade en Galicia e que dispoñan dunha parcela de terreo apta para o establecemento dunha escola infantil nun polígono, parque empresarial ou nas súas inmediacións. Así mesmo, deberán achegar un estudo que reflicta que existe un mínimo de 50 nenos e nenas menores de tres anos potenciais usuarios da escola e un plan de viabilidade que permita a posta en funcionamento e o mantemento do centro durante un mínimo de cinco anos.

A convocatoria subvencionará a realización do proxecto básico e de execución para a construción ou reforma dun inmovible destinado á creación da escola, o

acondicionamento da parcela e o equipamento das instalacións que inclúe o material didáctico e de xogo. As axudas consistirán nunha subvención de ata o 100% do custo total do investimento realizado, cun límite máximo global por escola e entidade beneficiaria de 200.000 euros.

Cómpre destacar que a convocatoria conta cun orzamento total de 1,4 millóns de euros distribuído en dúas anualidades, das cales 350.000 corresponden ao ano 2017 e 1.050.000 euros ao ano 2018. Estes importes están cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Con este crédito poderán obter financiamento ata sete novas escolas que constarán dun mínimo de tres unidades e 41 prazas. Todas elas estarán separadas da actividade industrial, preferentemente nunha zona axardinada que protexa o edificio das condicións exteriores e contarán coas medidas correctoras precisas de protección contra o tráfico, o ruído, a contaminación e outras actividades molestas ou prexudiciais.

A convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia no vindeiro mes de xullo e o prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao día da publicación.

### **Conciliación e corresponsabilidade**

A Consellería de Política Social traballa no desenvolvemento dos mecanismos precisos para facilitar a conciliación e a corresponsabilidade na vida familiar e laboral, mellorando a oferta de recursos e servizos para que respondan ás necesidades dos pais e nais e ao mesmo tempo contribúan ao desenvolvemento afectivo, psicolóxico e físico das e dos menores.

Así, este é o segundo ano que a Xunta realiza unha convocatoria de axudas coma esta, grazas á cal xa se está a financiar a construción de dúas escolas, unha no Parque científico tecnolóxico Río do Pozo (Narón) e outra no polígono industrial da Tomada (A Pobra do Caramiñal).

Este recurso complementa as axudas que a Xunta ten en marcha para facilitar a conciliación, como a rede de escolas infantís dependentes da Administración autonómica, as prazas en escolas infantís de iniciativa social, o programa Bono Concilia ou as casas niño no rural (na actualidade xa están a funcionar 30 e poranse en marcha outras 30 grazas á convocatoria deste ano).

## A XUNTA DESENVOLVE A REGULACIÓN DA METAGA COA QUE SE REDUCEN Á METADE OS TRÁMITES ADMINISTRATIVOS DAS REESTRUTURACIÓNS PARCELARIAS

- *Haberá unha maior axilidade nos procesos de reestruturación parcelaria, ao se reducir significativamente as fases e o tempo de execución*
- *Gañarase en eficacia ao estar máis definidas as zonas e os seus usos, e darase prioridade a aqueles procesos dirixidos á mellora da base territorial das explotacións agrarias*
- *O Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria identificará as zonas idóneas para os diferentes aproveitamentos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o inicio da tramitación do anteproxecto de Decreto da Consellería do Medio Rural polo que se aproba o Regulamento da Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga). Este regulamento permitirá activar a Metaga, coa que se reducirán á metade os trámites administrativos das reestruturacións parcelarias na nosa comunidade e permitirá ter un completo marco legal para aumentar as garantías xurídicas deste tipo de procedementos.

A través do desenvolvemento desta norma haberá unha maior axilidade nos procesos de reestruturación parcelaria, ao reducir as fases á metade –que pasan de 6 a 3–, así como o tempo de execución. Tamén se gañará en eficacia ao estar máis definidas as zonas e os seus usos, e darase prioridade a aqueles procesos dirixidos á mellora da base territorial das explotacións agrarias. Por conseguinte, tamén se notará un aforro económico ao usar na medida do posible a estrutura dos camiños xa existentes.

Esta lei non se centra esencialmente na diminución do número de parcelas, senón que o que se pretende é fomentar a reestruturación dos predios atendendo a criterios de mellora da rendibilidade das explotacións. Ademais, inclúense os solos de núcleo rural no perímetro de actuación da reestruturación parcelaria, dando así resposta a unha das principais demandas do sector agrogandeiro.

Ao tempo, créase o Plan de Ordenación de Predios de Especial Vocación agraria (Popeva) que identificará as zonas idóneas para os diferentes aproveitamentos. Así mesmo, vaise traballar na consecución de parcelarias ambientalmente máis sustentables, contribuíndo a mitigar o impacto ambiental mediante o establecemento de medidas axeitadas nos usos do solo.

O futuro decreto, que está previsto que se aprobe a finais de ano, tamén inclúe a creación das zonas de actuación intensiva, en función dos seus especiais valores agrarios. A través deste mecanismo poderán establecerse plans integrais de xestión de terras e de desenvolvemento territorial, co fin de levar a cabo actuacións intensivas en

zonas rurais para incrementar a súa sustentabilidade, competitividade e desenvolvemento integral.

Estamos a falar de procesos de grandes dimensións, pois o perímetro de actuación non poderá ser inferior a 200 hectáreas nin superior ás 5000. Para iso, elaborárase un plan de actuación integral que asignará os medios necesarios para conseguir a mellora da dotación de infraestruturas viarias, abastecementos e saneamentos, xestión de residuos, electrificación.

En materia de loita contra o abandono no rural, esta lei incorpora a maiores a reestruturación parcelaria mediante permutas de parcelas entre titulares de predios de vocación agraria. Estas poderán ser sen cambio na forma das parcelas ou modificando a súa xeometría, de xeito que se incremente a efectividade da transformación e dea como resultado unha mellora na posta en cultivo. En calquera caso, as permutas teñen exención do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.



## **A XUNTA ACTUALIZA O PLADIGA COAS ÚLTIMAS TECNOLOXÍAS PARA MELLORAR A SEGURIDADE DO PERSOAL E A EFICACIA DO SEU TRABALLO**

- *O dispositivo de loita contra o lume estará composto por uns 7.000 efectivos, apoiados por idénticos medios aéreos e terrestres que a pasada campaña*
- *Avánzase na optimización do sistema de comunicacións e das capacidades do programa informático de xestión de lumes, o que permitirá visualizar en tempo real a posición de todo o persoal e medios que teñan emisora sobre o terreo*
- *O obxectivo principal deste plan é reducir ao mínimo posible os danos ecolóxicos, económicos e sociais producidos polos lumes, dentro dos recursos dispoñibles*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a actualización do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga). Deste xeito ponse ao día a planificación da loita contra os lumes antes do inicio da campaña de alto risco e xusto despois de que o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (Mapama) presenta o operativo para o conxunto de España.

O Pladiga, que esta mesma semana foi avaliado na xuntanza do Consello Forestal de Galicia, presenta como principal novidade unha serie de melloras nas comunicacións e na xestión telemática do operativo, co fin tanto de incrementar a súa seguridade como a súa eficacia. Trátase dun verdadeiro salto cualitativo nestas tarefas, coa incorporación dos últimos avances tecnolóxicos no eido das TIC.

Así, avánzase na optimización do sistema dixital de comunicacións Tetra e das capacidades do programa informático de xestión de lumes, coñecido como Xeocode. Isto permitirá, entre outras vantaxes, a de visualizar en tempo real a posición de todo o persoal e medios que teñan emisora nas operacións de extinción sobre o terreo, o que supón unha gran mellora na seguridade dos profesionais e na coordinación de todo o dispositivo.

Será posible, tamén, conectar con servidores de mapas e integrar o programa co resto de aplicacións informáticas (medios aéreos, infraestruturas, etc.). Ademais, optimízase a mobilización de medios por parte dos centros de coordinación e os tempos de desprazamento ás alarmas e aos lumes, por medio de buscas avanzadas con puntos quilométricos e filtros toponímicos, automatismos a partir de posicionamento en tempo real ou cartografía navegable. Existirá, así mesmo, un visor 3D e un simulador de incendios e de acceso automático a datos de predición e observación meteorolóxica, especialmente útiles para a xestión dos lumes de dimensións considerables.

### **Medios humanos e materiais**

O Pladiga actualiza os medios humanos e materiais que loitarán contra o lume na campaña de alto risco de incendios. En total serán uns 7.000 efectivos os que integran o operativo, con 5.700 profesionais da Xunta, que estarán apoiados por persoal do Mapama, do Exército e dos corpos e forzas de seguridade do Estado. Ademais, disporase de arredor dunha trintena de medios aéreos –entre os propios da Xunta e os que proporciona o Estado– e 360 motobombas da Administración autonómica, dos concellos e dos parques de bombeiros, aos cales se engaden cisternas, pas e outros vehículos.

### **Obxectivos**

O obxectivo principal do Pladiga é reducir ao mínimo posible os danos ecolóxicos, económicos e sociais producidos polos lumes, dentro dos recursos dispoñibles. Ademais, existe unha serie de obxectivos “de control”, que concretan esa finalidade xeral. Entre eles, fíxanse como metas non superar a media de 3 hectáreas por lume nin a media de 1 hectárea de superficie arborada afectada por lume. Tamén, manter o número de incendios maiores de 25 ha por baixo do 2% do total e a porcentaxe de lumes menores ou iguais a 1 ha por riba do 70% do total.

Nesta planificación mantense a liña de colaboración aberta nos últimos anos con diferentes administracións e entidades. Deste xeito, recóllense os convenios asinados coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e coas deputacións provinciais para a creación e implantación dos grupos de emerxencia supramunicipais (GES), co Ministerio de Defensa para a prevención e defensa fronte aos lumes e cos concellos, para esta mesma finalidade.

Outro aspecto que tamén forma parte do Pladiga é o relacionado coa diminución do número de incendios derivados de negligencias por uso inadecuado do lume, coa posta en marcha dunha proba piloto de edificacións destinadas á preparación de alimentos en áreas recreativas nas zonas de alto risco de incendios, ZAR. E tamén a atención especial as Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (Paai), que actualmente son 73 en toda Galicia (o 1,94% do total de 3.772 parroquias en que se estrutura o territorio galego).

## O DISPOSITIVO DE LOITA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS REFÓRZASE COA INCORPORACIÓN DE 500 EFECTIVOS DA EMPRESA PÚBLICA SEAGA

- *En total serán 125 as brigadas contratadas a esta empresa, que colaborarán nas tarefas de defensa e extinción de incendios durante a campaña de alto risco que comeza mañá*
- *Así mesmo, deberán realizar traballos preventivos nos montes de xestión pública de Galicia, defendendo a sustentabilidade e a biodiversidade*
- *A maiores, outros 28 traballadores ocuparanse de traballos de xestión e administración*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a encomenda de xestión da Consellería do Medio Rural á Empresa Pública Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA) para a execución de traballos preventivos e servizo de brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais durante a campaña de alto risco 2017.

Sobre o terreo traballarán un total de 500 persoas, as cales se agrupan en 125 brigadas de 4 membros cada unha. Estas brigadas deberán realizar traballos preventivos nos montes de xestión pública de Galicia, que se cofinanciarán co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, ademais de colaborar nas tarefas de defensa e extinción de incendios forestais.

A encomenda inclúe tamén, ademais dos reténs de maquinaria pesada e apoio técnico á prevención e defensa contra os incendios forestais, medios para o apoio á elaboración de estudos e análise estatística coa incorporación de 28 traballadores.

Todas estas brigadas se integrarán no dispositivo de loita contra incendios forestais baixo o mando único da Xunta, o que garante o seu correcto funcionamento. Deste xeito, serán máis de 7000 persoas -entre efectivos da Xunta, persoal do Ministerio, do Exército e dos corpos e forzas de seguridade do Estado- as que conformen o operativo humano de prevención e extinción, que será un dos máis potentes de toda España.

Ademais, contarase con preto dunha trintena de medios aéreos –entre os propios da Xunta e os que proporciona o Estado– e 360 motobombas da Xunta, dos concellos e dos parques de bombeiros, aos que se engaden cisternas, pas e outros vehículos.

## A XUNTA DESTINA 6 MILLÓNS DE EUROS ÁS AXUDAS PARA O USO DE INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS EN COMÚN NO AGRO GALEGO

- *Este orzamento supón un incremento do 112,5% en relación coas achegas concedidas na convocatoria anterior, que ascenderon a 2,8 millóns de euros*
- *Entre os proxectos subvencionados atópanse almacéns para maquinaria ou materias primas, naves para diverso tipo de gando e instalacións que melloran os labores propios das explotacións*
- *As entidades beneficiarias destas subvencións, que se convocarán en breve no Diario Oficial de Galicia, son cooperativas agrarias*

A Xunta destina un total de 6 millóns de euros na convocatoria deste ano das axudas para o fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común en réxime asociativo. Este orzamento supón un incremento do 112,5% en relación coas axudas concedidas na última convocatoria de 2016, que ascenderon a 2,8 millóns de euros.

O Consello do Goberno galego deu hoxe o seu visto e prace á orde que regula estas achegas, que se publicará en breve no *Diario Oficial de Galicia*. Entre os proxectos subvencionados atópanse almacéns para maquinaria ou materias primas, naves para diverso tipo de gando e instalacións que melloran os labores propios das explotacións. Os beneficiarios son cooperativas agrarias.

O principal obxectivo destas axudas é o de acometer proxectos de carácter agropecuario de explotación conxunta polos socios de entidades asociativas que teñan un marcado carácter innovador ou de introdución de novas tecnoloxías. Trátase tamén de fomentar a incorporación de novos procesos ou de obtención de novos produtos que contribúan a diversificar a actividade principal das entidades ou a introducir actuacións de apoio complementarias á actividade dos socios, e de promover o aumento da rendibilidade económica das explotacións agrogandeiras galegas e a mellora das condicións do traballo.

Esta axuda contribúe ao sostemento do sector agrario e, polo tanto, ao mantemento dun sector estratéxico para Galicia, xa que fomenta a produción e a realización de actividades en réxime asociativo, cunha racionalización dos medios de produción, o que redunda nunha diminución dos custos.